



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Requirimento presentación documentación ás persoas candidatas preseleccionadas. Programa PEL-CONCELLOS 2026, da Deputación da Coruña 2026

Núm. Admvo. Expte: 2026/E001/000002

Expte. Decreto Núm.: 2026/G003/000269

Visto o expediente que se tramita para a selección de 4 postos de peóns/as, durante 6 meses, persoal laboral temporal, ao abeiro da subvención concedida polo programa PEL-CONCELLOS 2026 da Deputación da Coruña.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 180/2026, de data 11/03/2026, aprobáronse as bases da convocatoria para a selección de persoal para a provisión, en réxime de dereito laboral temporal, de 4 postos de peóns/as, durante 6 meses, Programa PEL-Concellos/2026 da Deputación da Coruña.

Visto que con data do 17/03/2026 publicouse no BOP núm. 51 as bases da convocatoria para a selección deste persoal, no que se establece un prazo de presentación de solicitudes de 5 días hábiles desde a publicación da dita convocatoria no BOP.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 242/2026, de data 09/04/2026 se aprobou a lista definitiva de persoas admitidas a esta convocatoria.

Vista a acta do tribunal que avaliou o proceso selectivo á mencionada convocatoria, publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal con data do 10/04/2026, na que se relaciona as persoas aprobadas pola orde total de puntuación obtida por cada persoa aspirante e a composición da lista de reserva, outorgando un prazo de 1 día hábil para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Laxe.

Dentro do prazo establecido, preséntase unha alegación con data do 13/04/2026 (Rexistro de entrada núm. 202600000000371).

Vista a acta do tribunal de data 15/04/2025 na que se desestima a alegación presentada e procédese á aprobación definitiva da relación de persoas aprobadas segundo o número de prazas convocadas e á composición da lista de reserva, na que se propón a Antonio Álvarez Valiña, Laura Mourlle Castro, Jac González Rivero e Alejandro Francisco Vidal Bouzas, como peóns/as deste Concello de Laxe, Programa PEL Concellos 2026. A dita acta publicouse na sede electrónica deste concello o día 16/04/2026.

Esta Alcaldía de conformidade co establecido no art. 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVE:

PRIMEIRO. Aprobar a proposta de nomeamento do tribunal cualificador respecto das seguintes persoas aspirantes como peóns/peoas dentro do Programa PEL-CONCELLOS/2026, da Deputación Provincial da Coruña:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

APELIDOS E NOME	DNI
ÁLVAREZ VALIÑA, ANTONIO	***6576**
MOURELLE CASTRO, LAURA	***0398**
GONZÁLEZ RIVERO, JAC	***8061**
VIGO BOUZAS, ALEJANDRO FRANCISCO	***6210**

SEGUNDO. Aprobar a lista de reserva pola orde de puntuación acadada no proceso selectivo:

APELIDOS E NOME	DNI
LORES FANDIÑO, FRANCISCO JAVIER	***7159**
MOUZO POSE, JUAN MANUEL	***3322**

TERCEIRO. Outorgar un prazo de 5 días hábiles a partir da publicación desta resolución para que as persoas candidatas propostas xustifiquen que reúnen os requisitos esixidos na Base 4ª desta convocatoria, conforme ao establecido na cláusula décimo terceira das bases de selección.

CUARTO. Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, as persoas aspirantes propostas non presentaran a súa documentación ou non acreditaran reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ao seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

QUINTO. Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica deste concello.

SEXTO. Dar conta deste decreto na vindeira sesión plenaria que se realice.

Mándao e asíno, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde,
Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,
Asdo. Begoña Carrasco García